

A Sr Alcaldesa do Concello de Vilalba

Dona Margarida Prieto Ledo, con DNI, [REDACTED] en calidade de coordinadora comarcal do Sindicato Labrego Galego, con NIF [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación en Rúa do Cuartel, nº 1 Entrechán, 27800 - Vilalba, e CC margaridaprieto@sindicatolabrego.gal e número de teléfono [REDACTED]

EXPOÑO:

I

Que logo de terse reanudado con data 15 de maio de 2020 os mercados semanais, comunicando a veciñanza dita autorización por medio dun Bando informativo de data 12 de maio de 2020, e as mensaxes contraditorias que se estiveron a lanzar durante esta semana ao respecto deste asunto.

Sinalar que, se ben é certo que o Concello pode establecer criterios mais restritivos, dentro das súas competencias, que a norma superior baixo a que se ampara, as actividades rexistradas no SEVEDI e as vendedoras de planta podían asistir aos mercados xa na fase 0, e o resto de produtos, tanto alimentares como doutro tipo podían asistir na fase 1, de feito no mercado deste venres foi así, estando presentes postos de almacenistas de froita (non produtores) e de venda de produtos transformados non recollidos no SEVEDI nin transformados pola propia produtora/vendedora.

Entendemos que por parte do Concello se está a aludir a unha normativa da Xunta e a outra do Estado de maneira incorrecta, mesturando ámbalas dúas, xerando dúbidas e inseguridade nas produtoras.

Que dado que no mencionado bando solo se autorizan os mercados semanais, non especificando se o Feirón se inclúe ou non, e sendo este de carácter mensual, solicitamos aclaración a respecto da súa celebración o día 19.

Así mesmo e dado que nos atopamos na Fase 1 onde está autorizada segundo a *“Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”*, e segundo se recolle no seu articulado:

“Artículo 10. Reapertura de los establecimientos y locales comerciales minoristas y de prestación de servicios asimilados

Apartado 6. Cuando así lo decidan los Ayuntamientos correspondientes, y debiendo comunicar esta decisión al órgano competente en materia de sanidad de la comunidad autónoma, podrán proceder a su reapertura los mercados que desarrollan su actividad al aire libre o de venta no sedentaria en la vía pública, comúnmente denominados mercadillos, dando preferencia a aquellos de productos alimentarios y de primera necesidad y procurando que sobre los productos comercializados en los mismos se garantice su no manipulación por parte de los consumidores. Los Ayuntamientos establecerán requisitos de distanciamiento entre puestos y condiciones de delimitación del mercado con el objetivo de garantizar la seguridad y distancia entre trabajadores, clientes y viandantes.

En todo caso, se garantizará una limitación al veinticinco por ciento de los puestos habituales o autorizados y una afluencia inferior a un tercio del aforo habitual pudiendo alternativamente procederse al aumento de la superficie habilitada para el ejercicio de esta actividad de manera que se produzca un efecto equivalente a la citada limitación.”

En caso de que o Feirón se vaia a realizar solicitamos se aclare por parte do concello:

- **Os criterios de participación por parte das produtoras/vendedoras, se nos imos seguir atendo unicamente a aquelas actividades e produtos recollidos no regulamento do SEVEDI ou se, pola contra, se autorizará a presenza doutro tipo de produtores e produtos non recollidas no SEVEDI, como poden ser os queixos, os animais vivos (para cría ou sacrificio), carne e derivados cárnicos (salgados, embutidos,...) ou outros que tampouco sexan alimentos recollidos como "produtos perecedoiros".**
- **A necesidade, ou non, de solicitude ou inscrición previa para poder participar no Feirón, así como, no caso de ser precisa esta, o modelo de solicitude, lugares, prazos e vías de presentación e documentación necesaria para acompañar a solicitude de ser o caso.**
- **Os mecanismos e criterios que vai a levar a cabo o Concello para controlar o porcentaxe de ocupación e o aforo, así como os mecanismo que se van adoptar para regular este extremo e garantir que se cumpran as medidas de seguridade.**
- **Se tamén vai ser preciso acreditar a posesión do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios para a compra de plantón, medida que, por outra banda, consideramos discriminatoria para todas aquelas persoas que practican outro tipo de agricultura de autoconsumo, mais respectuosa co medio e coa saúde das persoas.**

II

Por outra banda, sabendo que o Goberno municipal está a traballar nun paquete de medidas para reducir taxas e impostos a particulares e empresas, e que este plan está en fase de estudo, e que se vai dar traslado del á oposición para posibles aportacións. Nestes sentido, gustaríanos que se dese traslado tamén desta iniciativa aos diferentes axentes sociais dos diferentes sectores representados para facer tamén posibles aportacións e informar aos seus representados, polo que pedimos que se nos trasladasen as propostas contempladas neste paquete específicas para o sector agrogandeiro e forestal, no caso de que as houberse, como Organización Profesional Agraria representativa do sector primario na nosa comarca que somos.

No caso de non telas contemplado solicitamos que se teña en conta tamén a este sector, xa que representa algo mais do 11% do total de afiliacións á seguridade social do Concello (*IGE 2020*) e mais do 90% da superficie do concello a adicada a estes usos (*IGE 2018*).

Solicitamos que se teñan en conta, especialmente, aquelas produtoras que, pola crise sanitaria, non puideron acceder aos seus puntos de venda habituais (pequeno comercio e mercados, esenciais para este tipo de ganxas), vendo así mermada a súa capacidade económica e, nalgúns casos, a súa capacidade de continuidade, xa que moitas mercadoría non atopou saída.

III

Durante estes dous meses, a prohibición dos mercados de alimentos e o mantemento dos supermercados como lugares para realizar a compra de alimentos, trasladouse á cidadanía unha mensaxe de que estes mercados non eran seguros, o cal repercute negativamente na produción primaria de alimentos, seguros e de calidade, ademais de no rural como opción de vida e de desenrolo económico e social dun territorio, que, unha vez mais, se confirmou como unha opción segura, responsable e básica para afrontar unha situación de crise como a que estamos a vivir.

Por todo isto é polo que solicitamos que se faga unha campaña de visibilización e valorización destes mercados e das granxas que venden neles, así como de revitalización do rural da nosa comarca como opción de futuro nesta “nova normalidade” que se nos aveciña.

Así mesmo, esta campaña debера enfocarse como unha medida de discriminación positiva cara as mulleres, xa que son estas as que maioritariamente acceden a o mercado e son titulares de pequenas granxas labregas que manteñen o rural vivo e produtivo.